



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. info@vilardebarrio.com

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vistas as Bases que rexen a convocatoria para a selección de 5 traballadores para a Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o exercicio 2018.

Visto o Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilar de Barrio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o exercicio 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no que se esixe que a Brigada estea conformada por un Xefe de Brigada, 1 peón condutor e (no suposto de Vilar de Barrio) 3 peóns.

Visto o listado de admitidos no procedemento de selección de xefe de brigada e a valoración do tribunal cualificador dos méritos alegados polos aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
44493753T	CONDE GONZÁLEZ FERNANDO JOSÉ	0,25
77418386-H	OTERO CANABAL MARCOS	2,40

Vistas as renuncias presentadas por ámbolos dous candidatos e ante a necesidade de que para que a brigada estea operativa é preciso dispoñer dun xefe de brigada, o Sr. Alcalde **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo para participar no procedemento de selección de Xefe de Brigada previsto nas Bases que rexen a convocatoria para a selección dun xefe de brigada para prevención e extinción de incendios para o exercicio 2018.

O prazo para presentar instancia será de dous días hábiles desde o día seguinte á publicación desta resolución no Taboleiro de Anuncios e na páx. web www.vilardebarrio.com.

SEGUNDO.- Presentadas as instancias o tribunal cualificador procederá a valoración dos méritos o día seguinte de rematar o prazo.

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asina o Sr Alcalde D. Julio Pérez Carballo en Vilar de Barrio, do que eu secretaria dou fe.

Documento asinado dixitalmente.